PROGRAMA ELECTORAL

ELECCIÓNS SINDICAIS 2026
Persoal docente do ensino público non universitario

CCOO ensino

AVANZAMOS CON FEITOS, COMPROMISO PARA O FUTURO.



CONDICIÓNS LABORAIS, RETRIBUCIÓNS E CONCILIACIÓN

RETRIBUCIÓNS E CARREIRA PROFESIONAL

Grupo A1 xeral e suba de nivel para todos os corpos

Cláusula salarial vinculada ao IPC real e gañar poder adquisitivo



Recuperación do 100% das pagas extra e parte autonómica 2013-16

Carreira profesional e convocatoria anual de cátedras por méritos

XORNADA E HORARIOS

35h

Xornada real e efectiva de 35 horas como máximo semanal

21 horas lectivas para Mestras e Mestres



Redución lectiva por titoría, coordinacións, funcións directivas, etc.

Menos burocracia e persoal administrativo para todos os centros

CIFP: sesións 50 min.

CONCILIACIÓN E PERMISOS

Redución de xornada sen perda retributiva **para maiores de 55 anos**

Permiso parental 8 semanas con retribución íntegra



Licenzas por un curso escolar con/sen retribución e con reserva de posto de traballo

Coidado de fillas/os sen esixir hospitalización

EMPREGO PÚBLICO, ENSINO DE CALIDADE E SAÚDE LABORAL

EMPREGO PÚBLICO E MOBILIDADE



Oposicións con probas non eliminatorias e temarios novos

Eliminación da **taxa de reposición** e baixada da temporalidade

<8%

Concurso de traslados 100% das vacantes estruturais e "concursiño"

Persoal substituto pagamento do verán por +5,5 meses traballados

CENTROS E SAÚDE LABORAL

Amianto e climatización retirada total e eficiencia sostible

Medición de radon e obras de adaptación obrigatorias de inmediato



Enfermidades profesionais riscos psicosociais e novas incorporacións ao catálogo

Desconexión dixital fóra do horario laboral

CALIDADE, IGUALDADE E INCLUSIÓN

Ratios reducidas: 8 en Diversificación, 12 en FP Básica e 20/25 no resto

Lingua Galega: novo marco de consenso e discriminación positiva



Orientación e atención á diversidade: reforzo de PT e AL e 1 orientador/a por cada 250 alumnos

Aprobación inmediata do **Plan de Igualdade** e **Protocolo de Acoso** para persoal docente

ensino



AS TÚAS DEMANDAS, OS NOSOS COMPROMISOS

Retribucións

- **Recuperar o complemento específico das pagas extraordinarias** deixado de percibir entre 2013 e 2016 en Galicia.
- **Recuperar a parte estatal pendente das pagas extraordinarias,** ata alcanzar a equivalencia cunha mensualidade completa.
- Establecer unha **cláusula de revisión salarial vinculada ao IPC real.**
- Incluír todos os corpos docentes, sen excepción, no **subgrupo A1,** co correspondente incremento retributivo.
- **Elevar o nivel do complemento de destino** de todos os corpos docentes respecto dos niveis actuais.
- Revisar anualmente o **grao de homologación retributiva de Galicia** co resto das comunidades autónomas.
- Recoñecer economicamente todas as **coordinacións e dinamizacións.**
- Incrementar os complementos económicos dos **cargos directivos** para facer máis atractivo o seu exercicio.
- Actualizar os complementos económicos cando varíen as **funcións ou as responsabilidades.**
- Garantir plenos efectos económicos e administrativos ao profesorado que **substitúa outras persoas e asuma funcións** propias de cargos directivos, xefaturas de departamento, coordinacións, dinamizacións ou similares.
- **Mellorar as condicións retributivas asociadas a funcións específicas,** como a participación en excursións, as itinerancias, a colaboración no comedor escolar e a titorización de profesorado ou alumnado en prácticas.
- Garantir a homologación retributiva e administrativa do profesorado que imparte ensinanzas de **persoas adultas nos IES** coa do profesorado que realiza esa **mesma función nos centros EPA.**



Xornada

- Establecer unha xornada máxima real de **35 horas semanais,** segundo recolle o *«Acordo marco para unha Administración do século XXI»*.
- Recuperar a **xornada lectiva de 21 horas para o corpo de mestras,** conforme o acordo de xornada asinado por CCOO en 2007 (*«Acordo de catálogos»*).
- **Avanzar na redución da xornada lectiva** para mellorar as condicións de traballo do persoal docente.
- **Homologar progresivamente a carga lectiva** entre os diferentes corpos docentes.
- Estender a redución do horario lectivo por **función titorial ou por cargo directivo** a todas as etapas educativas.



Horario curso 2026/27

- Incrementar a redución do horario lectivo e complementario das persoas que exerzan **coordinacións e dinamizacións,** sen limitar este dereito a ningún tipo de profesorado.
- Garantir o desenvolvemento continuo das medidas planificadas para a **redución da carga burocrática do profesorado** mediante a simplificación de procedementos, a eliminación de duplicidades e a mellora das aplicacións de xestión.
- Garantir tempo específico, reducións horarias e/ou persoal administrativo suficiente para asumir as **tarefas de xestión** que non poidan eliminarse.
- Reducir a carga lectiva do profesorado en compensación pola impartición de **materias afíns.**
- **Establecer un límite máximo** de materias, módulos, niveis, grupos ou alumnado por curso escolar que sexa asumible polo profesorado para **poder garantir un ensino de calidade.**
- **Recuperar a xornada lectiva matinal** de catro horas nos centros de educación infantil e primaria durante os meses de xuño e setembro.



Horario curso 2026/27

Permisos, licenzas, reducións de xornada e excedencias

- Implantar unha **redución de xornada para o profesorado maior de 55 anos,** sen incremento da carga de traballo para o resto do cadro de persoal.
- Implantar unha **licenza para o gozo dun curso escolar completo** sen prestación de servizos, baseada nun **sistema plurianual de distribución das retribucións**, coa reserva de posto ou destino e o mantemento dos dereitos administrativos e de antigüidade.
- Crear unha **licenza sen retribución de ata un curso escolar completo,** con reserva do posto ou destino, destinada a facilitar a interrupción temporal da actividade docente por razóns persoais ou profesionais.
- Crear un **permiso retribuído, análogo ao de tres días por enfermidade do propio profesorado, para o coidado de fillos e fillas menores** que, pola súa idade, estado de saúde ou necesidades de coidado, precisen o acompañamento e a atención directa dunha persoa proxenitora, aínda que non exista hospitalización nin se trate dunha enfermidade grave.
- **Mellorar as medidas de conciliación e corresponsabilidade,** ampliando os permisos e as reducións de xornada para o coidado de fillos e fillas, persoas dependentes e familiares que precisen atención.
- **Revisar e ampliar as excedencias,** especialmente as destinadas ao coidado de fillos, fillas e familiares, facilitando o seu gozo fraccionado cando sexa posible.
- **Recuperar as licenzas por formación retribuídas,** tanto para a continuación de estudos como para a elaboración de materiais didácticos.
- **Ampliar o permiso por asuntos particulares.**

- **Ampliar ata os 24 meses a redución de xornada por lactación,** coa posibilidade de substituíla por un permiso acumulado.
- **Ampliar de tres a seis anos a duración da excedencia por coidado de fillos, fillas e familiares,** sen perda do destino definitivo.
- Establecer medidas de conciliación da vida laboral, familiar e persoal para a **atención de menores en situación de enfermidade.**
- **Estender ao profesorado interino e substituto a totalidade dos permisos, licenzas, reducións de xornada e excedencias,** eliminando as diferenzas de acceso que non estean xustificadas e que a temporalidade do nomeamento non supoña unha discriminación no exercicio dos dereitos.
- **Recoñecer o dereito á incapacidade temporal por complicacións de saúde derivadas do parto ou de intervencións cirúrxicas,** como a cesárea, sen que o período de recuperación consuma as semanas de permiso por nacemento e coidado, que deberá ampliarse polo tempo equivalente á recuperación.
- **Equiparar o permiso por estado de xestación desde a semana 37** —ou 35 no caso de xestación múltiple— ao permiso por parto para efectos de vacacións, **garantindo a devolución dos días de vacacións** que coincidan con este permiso.
- **Garantir a retribución íntegra das oito semanas do permiso parental** para o coidado de fillos e fillas ata os oito anos de idade, facilitando a conciliación da vida laboral, familiar e persoal e avanzando cara a unha corresponsabilidade efectiva nos coidados.









Saúde laboral

- Constituír e poñer en funcionamento todos os **comités provinciais de seguridade e saúde laboral.**
- Esixir a **medición dos niveis de radon** en todos os centros educativos da comunidade e **executar de inmediato as obras de adaptación necesarias** onde se superen os límites establecidos na normativa.
- **Retirar o amianto e climatizar todos os centros educativos** para garantir condicións ambientais adecuadas e a sustentabilidade ambiental.
- Desenvolver unha **regulación específica da saúde laboral docente,** con especial atención aos riscos psicosociais, incorporando a perspectiva de xénero nas avaliacións de riscos e aplicando medidas efectivas.
- **Ampliar o catálogo de enfermidades profesionais,** incluíndo, entre outras, as de carácter psicosocial.
- **Adaptar ou cambiar os postos de traballo** cando sexa necesario.
- Garantir a **difusión dos protocolos** de actuación en caso de accidentes en acto de servizo.
- Desenvolver **programas específicos de vixilancia e promoción da saúde** que complementen as revisións médicas anuais, incluíndo revisións da voz.
- Establecer un **plan de formación en riscos laborais e prevención da saúde para o persoal docente,** computable para os sexenios, o concurso de traslados e os procedementos selectivos.
- Esixir o **cumprimento dos límites de temperatura e ruído** establecidos na normativa de prevención de riscos laborais.
- **Regular as situacións meteorolóxicas adversas mediante protocolos precisos** que determinen con claridade cando se suspenden as actividades lectivas e en que condicións se mantén a obriga de asistencia do persoal docente aos centros educativos.
- Crear a **figura de responsable de prevención de riscos laborais** nos centros educativos, con redución da carga lectiva.

- Garantir que os protocolos conten con **recursos suficientes e con persoas responsables identificadas.**
- Regular as condicións de traballo derivadas da dixitalización, garantindo o **dereito á desconexión.**
- Establecer **protocolos de tratamento de residuos** nos centros educativos de maneira sustentable e compatible coa defensa do medio ambiente.
- **Reducir a pegada de carbono dos centros educativos** mediante o incremento da eficiencia enerxética, con especial atención ao uso de enerxías renovables.
- **Promover a mobilidade sustentable** para o acceso aos centros educativos.



Ingreso na función pública

- **Eliminar a taxa de reposición.**
- Convocar **ofertas públicas de emprego amplas** en todos os corpos docentes.
- Convocar todas as prazas necesarias, sen limitacións, para **reducir a temporalidade por debaixo do 8 % en todas as especialidades.**
- Establecer un **novo sistema de concurso-oposición con probas non eliminatorias,** adaptadas aos currículos e con temarios actualizados.
- Implantar unha **fase de prácticas** posterior á superación do concurso-oposición, **con titorización real e efectiva e integramente retribuída.**
- **Incrementar a transparencia e establecer mecanismos efectivos de reclamación** das probas de concurso-oposición, incluíndo a gravación das probas orais e a constitución de órganos de mediación e arbitraxe que axilicen e resolvan esas reclamacións.
- Establecer unha **reserva mínima do 2 % das prazas convocadas para as mulleres vítimas de violencia machista,** tal como recolle o Pacto de Estado subscrito en 2017 pola totalidade dos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados.
- Ampliar a oferta pública do **Mestrado de Profesorado** de Ensino Secundario, FP e Ensinanzas de Idiomas, revisar os seus prezos e regular a súa fase de prácticas nos centros educativos.



Interinidades e substitucións

- **Manter o sistema de listas consolidadas** previsto no *"Acordo de persoal interino e substituto"* asinado por CCOO en 1995.
- **Recuperar o pagamento do verán** para o profesorado substituto con servizos superiores a cinco meses e medio en cada curso escolar.
- **Cubrir todas as vacantes e substitucións,** con independencia da súa duración e do momento do curso en que se produzan.
- **Modificar a normativa de incompatibilidades** que afecta o profesorado substituto e interino con contrato a tempo parcial.
- Concluír o proceso de **implantación da aplicación de chamamentos telemáticos,** coa necesaria formación e recursos de axuda para o profesorado afectado e respectando o período transitorio pactado para o primeiro curso.
- **Implantar zonas de ámbito inferior ao provincial** que permitan limitar, sen necesidade de alegar unha causa xustificada, o ámbito xeográfico no que se desexa traballar, **segundo a proposta xa tratada ao longo do curso 2025/26 na Comisión de Seguimento do acordo.**



Promoción profesional e recoñecemento docente

- **Convocar anualmente os procedementos de acceso aos corpos de catedráticos e catedráticas mediante concurso de méritos,** tal como prevé a LOMLOE, ata alcanzar a porcentaxe máxima de prazas posible.
- **Desenvolver un sistema de carreira profesional para todo o profesorado,** no propio centro de traballo e vinculado ao labor de aula e de centro, baseado na acreditación de méritos e en criterios claros, obxectivos e transparentes, coñecidos con anterioridade; que sexa voluntario e progresivo e **que mellore e complemente o actual sistema de sexenios.**
- Establecer a **promoción interna por concurso de méritos** cando haxa concordancia entre as titulacións de acceso e as especialidades ás que se aspira e, cando non a haxa, un sistema efectivo de promoción.
- **Permitir a adquisición de novas especialidades por concurso de méritos.**



Mobilidade e elección de destinos

- **Ofertar o 100 % das vacantes estruturais** nos diferentes concursos de traslados e publicar a súa relación para garantir a transparencia.
- **Limitar a un máximo de tres anos** a permanencia na situación de **expectativa de destino.**
- **Recoñecer o dereito a concursar tras o primeiro ano** de permanencia no primeiro destino definitivo ou desde un destino forzoso.
- Recoñecer, para efectos de baremación, unha puntuación equivalente á da dirección ás **persoas responsables de centros de menos de tres unidades.**
- Recoñecer a puntuación correspondente aos **cargos e coordinacións desempeñados polo profesorado substituto.**
- Establecer un **"concursiño" ou concurso específico de adxudicación de destinos, previo ao CADP,** para o profesorado con destino definitivo.



Xubilacións

- **Desenvolver a normativa necesaria para estender a xubilación parcial ao persoal funcionario, con relevo e sen perda de dereitos retributivos nin de cotización,** tal e como recolle o «Acordo marco para unha Administración do século XXI».
- Estender o **complemento para a redución da fenda de xénero** ao profesorado que se xubile pola **modalidade voluntaria do réxime de clases pasivas.**
- Garantir o **cómputo do 100 % das cotizacións para efectos de pensión durante todas as reducións de xornada.**



CCOO
ensino



O ENSINO PÚBLICO GALEGO QUE QUEREMOS CONSTRUÍR

Centros educativos

- **Actualizar os regulamentos orgánicos dos centros (ROC).**
- **Incrementar o orzamento** destinado ao funcionamento dos centros.
- Aumentar os cadros de persoal docente de todos os centros para **posibilitar desdobramentos, apoios e agrupamentos flexibles.**
- Mellorar o catálogo de postos de traballo de educación infantil e primaria e establecer un catálogo de secundaria que asegure unha **dotación de persoal suficiente, baseada en criterios obxectivos.**
- Establecer unha normativa que **regule as materias consideradas afíns.**
- Garantir a **elección das direccións dos centros polos consellos escolares ou sociais.**
- **Incorporar perfís profesionais** de educación social, traballo social e persoal sanitario en número suficiente, sen trasladar as súas funcións ao profesorado.
- Incorporar aos **centros educativos** persoal distinto do profesorado, como persoal de integración social e de animación sociocultural, co obxectivo de **abrilos á comunidade alén do horario lectivo e facilitar a conciliación** da vida laboral, familiar e persoal.
- **Fomentar as bibliotecas escolares** dos centros educativos, dotándoas de fondos, instalacións e equipamentos axeitados e recoñecendo ás persoas responsables a mesma consideración que ás xefaturas de departamento.
- Implantar medidas que permitan manter unha **rede educativa no medio rural,** que garanta a equidade entre ese alumnado e o de ámbitos urbanos, así como a dotación suficiente de recursos humanos e materiais.
- **Actualizar e ampliar o catálogo de centros e postos de especial dificultade,** incorporando as aulas hospitalarias, todas as aulas específicas de educación especial e a totalidade de centros cunha soa unidade, así como os centros que, polas súas características e condicións de traballo, o requiran.

- **Asignar persoal administrativo a todos os centros educativos.**
- Crear unha categoría específica para os **centros dunha e dúas unidades,** recoñecendo efectos económicos e administrativos ás persoas responsables destes centros.







Ratios

- Cumprir de maneira inmediata, en todas as etapas, ciclos e niveis de educación infantil e primaria, as **ratios recollidas no *Acordo de agrupamentos de 2009*,** recuperadas polo Acordo sobre medidas de mellora.
- Establecer un máximo de 8 alumnas e alumnos nos **programas de diversificación curricular.**
- **Reducir a ratio en FP básica** a un máximo de 12 alumnas e alumnos por grupo.
- Establecer un máximo de 20 alumnas e alumnos por grupo nos **ciclos formativos de grao medio** e de 25 nos de **grao superior**, cunha redución do 50 % nos módulos prácticos mediante desdobramentos.
- **Reducir a ratio na FP a distancia** a un máximo de 35 alumnas e alumnos por grupo.
- **Reducir as ratios máximas nas EOI** a 25 alumnas e alumnos nos niveis A1, A2, B1 e B2 e a 20 nos niveis C1 e C2.



Atención á diversidade

- **Incrementar a dotación de profesorado de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe** para atender as necesidades estruturais dos centros, mellorando o catálogo de postos de traballo en educación infantil e primaria e garantindo unha dotación estable destas especialidades en educación secundaria e formación profesional.
- Crear unha **comisión de ámbito autonómico,** coa participación das organizacións sindicais presentes na Mesa Sectorial, para dotar os centros de todas as etapas do **profesorado adicional** —especialmente PT e AL —, de persoal coidador, de orientación e de servizos á comunidade que requiran, segundo o número e o tipo de necesidades que deban atender.
- Manter medidas como os concursos de **atención preferente,** para favorecer a permanencia do mesmo profesorado de referencia.
- Establecer un catálogo de postos con destino definitivo de **profesorado de Audición e Linguaxe nos centros de ESO e bacharelato** nos que estes postos se doten de forma recorrente no CADP.



Atención á diversidade

- Desenvolver unha normativa específica que regule e garanta **ratios máximas de alumnado por profesional** para cada perfil de atención á diversidade, en función das necesidades do alumnado —ACNEE, ACNEAE, desvantaxe social ou descoñecemento da lingua vehicular— e do tipo de centro.
- Promover a presenza de profesorado de Pedagoxía Terapéutica e de Audición e Linguaxe nos **centros de FP e de educación de persoas adultas** que escolaricen alumnado que poida requirir apoio específico ou especializado.
- Recoñecer un **complemento compensador** para o profesorado de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe que **imparta docencia na etapa de secundaria.**
- Dotar de profesorado de apoio para a **atención do alumnado inmigrante.**
- Crear unha **nova rede de orientación** que actualice e mellore a rede existente.
- Computar as unidades de educación infantil en igualdade de condicións coas de primaria para a **dotación do correspondente Departamento de Orientación.**
- Garantir, cando menos, unha persoa **profesional da orientación por cada 250 alumnas e alumnos,** de acordo coas recomendacións de organismos internacionais como a UNESCO.
- Reformar o Decreto 120/1998 no relativo á **xefatura do Departamento de Orientación** dos centros de educación infantil e primaria, incorporando novas titulacións, como o Mestrado en Psicopedagoxía, e establecendo a obrigatoriedade de posuír unha destas titulacións para exercer o cargo.
- **Restaurar a Rede de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar (RAOGAL),** cunha dotación suficiente nas súas unidades para garantir unha intervención axeitada.
- Crear unha **rede interdisciplinar** que inclúa profesionais de servizos á comunidade, integración social, enfermaría e fisioterapia cando sexa preciso.

Formación do profesorado

- **Modificar o actual Decreto de formación,** co obxectivo de crear unha estrutura descentralizada de formación e incrementar a dotación de recursos materiais.
- **Incrementar a oferta pública de formación,** eliminando os convenios con empresas privadas.
- **Ampliar os plans de formación permanente,** incluída a modalidade a distancia.
- **Potenciar os intercambios** no ámbito da Unión Europea en todos os corpos e etapas educativas.
- Garantir unha **maior oferta de formación permanente,** con recursos suficientes e dentro do horario laboral.
- Crear e promover nos centros educativos a **figura de coordinación da formación,** con redución do horario lectivo e asignación retributiva para o desempeño das súas funcións.



Igualdade e convivencia

- Establecer **equipos de saúde mental infanto-xuvenil** de atención específica e exclusiva aos centros educativos.
- Implantar a **coeducación** en todos os ámbitos e espazos educativos, eliminando estereotipos e calquera forma de violencia.
- Incorporar á **formación inicial e continua do profesorado** contidos relacionados coa convivencia e a igualdade.
- Derrogar calquera medida que impida o **tratamento dos temas de igualdade na escola**, como o chamado «pin parental».
- Eliminar todos os elementos que favorezan as **desigualdades** entre mulleres e homes e o **sexismo.**
- Crear unha **verdadeira coordinación de benestar e protección do alumnado,** cun perfil profesional específico —de servizos á comunidade ou equivalente— e plena dispoñibilidade horaria. A dotación destinada a esta función deberá situarse por riba do cupo do centro.
- Crear unha **coordinación responsable de igualdade a xornada completa** en todos os centros educativos.
- Visibilizar as mulleres, favorecendo que **os centros educativos adopten nomes de mulleres destacadas** e recoñecidas nos ámbitos científico e cultural.
- Fomentar accións que favorezan a **incorporación de mulleres aos cargos de dirección e á inspección educativa.**



LGBTIQA+

- **Eliminar todos os elementos discriminatorios** por razón de orientación afectivo-sexual e de identidade ou expresión de xénero, favorecendo a visibilización e a integración do colectivo LGBTIQA+.
- **Aprobar con urxencia o Plan de Igualdade e o Protocolo de acoso para persoal docente,** onde se inclúan medidas de protección para as persoas traballadoras do colectivo LGBTIQA+.
- Elaborar **protocolos de apoio e acompañamento ao alumnado trans,** conforme ao artigo 61 da Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI, e **estender estas medidas de acompañamento e protección ao profesorado trans.**
- Garantir a posibilidade de que as **persoas trans e non binarias sexan tratadas conforme a súa identidade e o seu nome sentido** en todas as actividades que se desenvolvan no ámbito educativo, agás naquelas que, por razóns estritamente administrativas, non sexa posible.
- **Crear unha excedencia,** con reserva de posto de traballo e computable a efectos de antigüidade, **para aquelas persoas traballadoras que decidan iniciar os tratamentos hormonais de afirmación de xénero.**




Defensa da lingua galega

- **Derrogar o Decreto para o plurilingüismo** no ensino non universitario de Galicia de 2010.
- Elaborar unha nova normativa de consenso, con **medidas de discriminación positiva a favor da lingua galega no ámbito educativo,** que permitan frear a redución drástica do número de galegofalantes á que asistimos nos últimos anos.
- **Eliminar as restricións que impiden impartir determinadas materias en galego,** sen trasladar a responsabilidade dese proceso ao profesorado nin aos equipos directivos.
- Establecer **medidas de acción positiva a favor do galego como lingua minorizada.**
- Implantar estas medidas **desde as primeiras etapas do ensino,** comezando polo primeiro ciclo de educación infantil e sen limitacións para que **o galego sexa lingua de acollemento** do alumnado procedente de fóra de Galicia.
- **Adaptar estas medidas á realidade** lingüística do alumnado, dos centros e da súa contorna, desbotando a idea de que un reparto idéntico de horas produce automaticamente os mesmos resultados nas dúas linguas.
- Garantir unha **presenza efectiva do galego** tamén na **formación profesional e nas ensinanzas artísticas e deportivas.**
- Ofrecer **formación ao profesorado** que lle permita impartir as distintas materias e módulos en galego.
- Dotar os centros de **materiais e recursos suficientes.**
- Verificar o **cumprimento efectivo** das linguas de impartición, máis alá do que figure nos proxectos lingüísticos.
- **Avaliar a competencia e o uso efectivo do galego** polo alumnado e corrixir as medidas que non dean resultado.
- Dotar estes compromisos de **garantías normativas,** para que a recuperación do galego non dependa só de declaracións de intencións.

LINGUAVITALXA!


PAREMOS A EMERXENCIA LINGÜÍSTICA



Formación Profesional

- Negociar un verdadeiro **"Mapa da FP"** que garanta unha ampla oferta pública, acorde coa realidade do territorio, adaptada ao tecido industrial e empresarial e capaz de satisfacer a demanda existente.
- **Frear a privatización** dos ciclos formativos de FP.
- Garantir unha implantación equilibrada da FP dual intensiva, **axustada ao tecido produtivo do territorio.**
- **Reducir as ratios** en todas as modalidades da FP.
- Establecer unha normativa clara sobre os **desdobramentos na FP,** especialmente cando o alumnado asista a talleres e aulas prácticas.
- Dotar de **orzamento suficiente** para adquirir e renovar equipamentos, maquinaria e materiais.
- **Recoñecer** ao profesorado interino e funcionario en prácticas, para todos os efectos, **o paso do corpo de PTFP ao de PES desde a entrada en vigor da LOMLOE.**
- Establecer un **complemento de equiparación salarial para todo o profesorado de PESSFP,** equivalente ao que percibe o profesorado de PTFP a extinguir.
- Establecer de forma permanente, **sen prazo límite,** un procedemento para que o **profesorado de PESSFP** que non puido integrarse no corpo de PES poida acreditar os requisitos necesarios para acceder a este corpo.
- Xeneralizar as **licenzas retribuídas** para realizar **estadías en empresas.**
- Establecer un **permiso parcialmente retribuído e con condicións específicas para a FP,** que permita ao profesorado mellorar a súa formación e experiencia profesional.
- Ampliar e mellorar a **formación continua do profesorado de FP,** vinculada ao seu sector produtivo.
- Garantir **formación específica previa** para o profesorado que imparta **cursos de especialización.**

- **Flexibilizar o horario lectivo e de permanencia no centro do profesorado responsable da titoría da formación en empresa ou organismo equiparado, tanto no réxime xeral como no intensivo,** para facilitar o contacto coas entidades colaboradoras, o seguimento do alumnado e as tarefas administrativas.
- **Recoñecer economicamente as funcións de titoría e coordinación** que desempeña o profesorado na formación en empresa ou organismo equiparado, tanto no réxime xeral como no intensivo.
- Crear **departamentos de prospección e relación coas empresas** nos centros educativos.
- Crear unha carteira de empresas, organismos e institucións colaboradoras **por parte da Administración.**
- Garantir que **todo o alumnado dispoña dunha praza** para a formación en empresa ou organismo equiparado.
- **Evitar o uso abusivo das figuras de «persoas expertas», «persoal experto asociado» e «persoas expertas sénior»** previstas na nova normativa de FP. Estas figuras non poderán substituír postos de profesorado funcionario mediante condicións laborais inferiores.
- **Coordinar as consellerías de Educación e Emprego** para concretar o uso de espazos, orzamentos e recursos destinados ás actividades formativas dirixidas a persoas desempregadas.



Centros Integrados de FP

- Negociar **condicións laborais específicas** para o profesorado dos CIFP.
- **Incrementar os cadros de persoal** para realizar a totalidade das accións encomendadas, tanto formativas como non formativas, e para garantir medidas de apoio, reforzo, recuperación e acompañamento educativo ao alumnado, especialmente no grao básico, durante todo o curso e na fase de formación na empresa.
- **Equiparar a duración das sesións lectivas** á dos IES que imparten FP.
- Garantir unha **xestión democrática dos CIFP,** con direccións elixidas polos consellos sociais e respectando e valorando as decisións destes e dos claustros.
- **Reducir a carga burocrática do profesorado** optimizando o sistema de xestión da calidade para servir como ferramenta de mellora, e non como mero instrumento de fiscalización do profesorado.
- **Dotar un segundo posto de orientación educativa e laboral** de acordo coas necesidades reais dos centros.
- **Incrementar o persoal de administración e servizos.**
- Garantir a representación das tres organizacións sindicais máis representativas en todos os **consellos sociais,** sen rotación entre elas.
- Dotar de **orzamento suficiente** as actividades organizadas pola Consellería, como a acreditación de competencias e as probas libres.
- Crear un **mecanismo que facilite a xestión orzamentaria e a certificación dos cursos de formación interna** impartidos e recibidos polo profesorado dos CIFP.



Escolas oficiais de idiomas

- **Deseñar unha rede de centros axeitada,** ampliando o número das escolas existentes e favorecendo a creación de extensións en localidades que non dispoñan dunha EOI próxima.
- **Aumentar as prazas en todas as linguas,** incluídas as cooficiais.
- Negociar os cadros de persoal para dotar as escolas do **persoal suficiente que permita prestar un servizo de calidade.**
- **Implantar e ampliar a oferta** de modalidades a distancia ou semipresenciais nas EOI.
- **Reducir a carga lectiva do profesorado** que imparta os niveis C1 e C2.
- Establecer **reducións horarias pola corrección de probas externas.**
- Establecer un **plan de formación específica para o profesorado das EOI,** incrementando e mellorando a oferta dos CFR, con diferentes quendas horarias que garantan o acceso de todo o profesorado.
- **Estender a presenza de auxiliares de conversa** á totalidade das linguas e dos niveis.
- **Establecer itinerarios específicos de formación** cun maior número de estadías e cun incremento da súa duración.
- Incentivar e facilitar a participación do profesorado das EOI nos **programas Erasmus+.**
- Potenciar as bibliotecas das EOI, dotándoas de **recursos en persoal e orzamento** análogos aos das universidades.
- Desenvolver a normativa que **permita ao profesorado das EOI matricularse en linguas distintas das que imparte** no mesmo centro de traballo.



Ensinanzas artísticas

- **Acelerar a aplicación da Lei de Ensinanzas Artísticas,** especialmente no desenvolvemento dos novos corpos docentes e na mellora das condicións laborais do profesorado.
- **Fortalecer a rede de centros** de ensinanzas artísticas para garantir unha oferta pública suficiente e ampliada.
- Fomentar a oferta da **modalidade de artes no bacharelato.**
- Reforzar, mediante plans estratéxicos, horarios e espazos, a **presenza das ensinanzas artísticas no conxunto das ensinanzas xerais,** garantindo que sexan impartidas por profesionais con formación axeitada.
- Equiparar o profesorado das ensinanzas artísticas ao profesorado universitario en **recoñecemento profesional e retribucións.**
- **Reducir a carga lectiva do profesorado** para facilitar o desenvolvemento da actividade e da investigación artística, equiparándoa á do persoal docente e investigador universitario.
- Recoñecer a autonomía para desenvolver **estudos de doutoramento nestas ensinanzas.**
- Recoñecer a capacidade para **asinar convenios e colaborar con entidades públicas e privadas** na realización de proxectos de innovación, investigación e intercambio de coñecemento.
- Garantir unha **integración real no Espazo Europeo de Educación Superior.**
- Adoptar un modelo semellante ao universitario en cuestións relacionadas coa **autonomía de centro, o currículo e os aspectos organizativos.**
- Garantir **infraestruturas** axeitadas e **financiamento** suficiente.
- **Frear o avance da privatización destas ensinanzas** e garantir que as ensinanzas artísticas superiores sexan públicas, accesibles e equitativas, evitando desigualdades entre centros e asegurando a calidade educativa.
- **Desenvolver o Mestrado de Profesorado de Ensinanzas Artísticas** e as súas correspondentes validacións.

- **Adecuar a normativa de compatibilidades** á realidade actual das escolas de arte.
- **Implantar modalidades de redución voluntaria de xornada** que favorezan a compatibilidade entre a docencia e a actividade e produción artística.
- **Apoiar a formación permanente do profesorado das escolas de arte,** definindo un plan específico nesta materia e estimulando os intercambios internacionais.
- Establecer medidas que potencien a **investigación de natureza artística.**




Á HORA DA VERDADE...
CCOO
ensino
CANDIDATURAS
PROVINCIAIS

CANDIDATURA A CORUÑA



Nº	NOME	CENTRO	CONCELLO
1	*Noelia Sánchez Vaamonde*	IES Agra de Leborís	A Laracha
2	*Ero Sante Gueimonde*	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	Ferrol
3	*Mónica Rodríguez García*	CEIP das Fontiñas	Santiago de Compostela
4	*Raquel Parada Serantes*	IES Eduardo Blanco Amor	Culleredo
5	*Marta Prieto Rego*	CPI Plurilingüe Cabo da Area	Laxe
6	*Claudio Pan Carollo*	CIFP Imaxe e Son	A Coruña
7	*Adriana García López*	CEE María Mariño	A Coruña
8	*Tomás Miranda García*	IES Saturnino Montojo	Ferrol
9	*Raquel González Mira*	CEIP Plurilingüe San Vicenzo	Vimianzo
10	*Iago Porto Díaz*	IES Fernando Wirtz Suárez	A Coruña
11	*Marta González Costoya*	IES de Melide	Melide
12	*Jorge Sanclaudio Piñón*	Departamento Territorial A Coruña	A Coruña
13	*Sandra Peña Ferreiro*	IES Arcebispo Xelmírez II	Santiago de Compostela
14	*Pedro Suárez Casal*	IES A Sardiñeira	A Coruña
15	*Marta Rodríguez Dosil*	CPI Plurilingüe Cabo da Area	Laxe
16	*Luís Ramón Ferreirós Blanco*	CEIP Plurilingüe de Cespón	Boiro
17	*José Rubén Barrán Ferreiro*	CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma	A Coruña
18	*Emilia Veiga Torre*	IES Ricardo Carvalho Calero	Ferrol
19	*Carlos Iván Blanco Casal*	CEIP Plurilingüe María Barbeito e Cervino	A Coruña
20	*Susana Matos Daparte*	CEIP Plurilingüe Os Tilos	Teo
21	*Ana Isabel Morales Moya*	CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia	Narón
22	*Ana Olga Campoamor Aller*	IES Ramón Menéndez Pidal	A Coruña
23	*Gerardo Fernández Piñeiro*	CIFP Fraga do Eume	Pontedeume
24	*Raquel Crespo Vilas*	CEIP de Zalaeta	A Coruña
25	*María José Alonso Castro*	IES Lamas de Castelo	Carnota

Nº	NOME	CENTRO	CONCELLO
26	*María Pérez Escariz*	CEP Plurilingüe de Ventín	Ames
27	*David Barrán Ferreiro*	IES Afonso X O Sabio	Cambre
28	*Kerry Ann McKevitt*	EOI de Ferrol	Ferrol
29	*Ana María Tomás Lozano*	CEIP Plurilingüe María Barbeito e Cervino	A Coruña
30	*Victoriano Sierra Ferreiro*	CIFP Imaxe e Son	A Coruña
31	*Beatriz Villar Galán*	IES Agra de Leborís	A Laracha
32	*Bibiana Ferreira Fernández*	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón
33	*Enrique Moldes Fandiño*	CIFP Compostela	Santiago de Compostela
34	*María Belén Vidal Marcote*	IES Afonso X O Sabio	Cambre
35	*Alicia María Fernández Méndez*	D. X. de Ordenación e Innovación Educativa	Santiago de Compostela
36	*José Carlos Ferreiro Otero*	EPAPU de Teixeiro	Curtis
37	*Gloria Martín Diego*	IES Sofía Casanova	Ferrol
38	*María del Carmen Castro Vázquez*	CEIP Ramón de la Sagra	A Coruña
39	*Virginia Villanueva López*	IES Eduardo Blanco Amor	Culleredo
40	*Martín Varela González*	CEIP Plurilingüe Novo Mesoiro	A Coruña
41	*Olga Martínez Gómez*	IES Sofía Casanova	Ferrol
42	*Ana Isabel Bermúdez Vela*	CEIP de Escarabote	Boiro
43	*Francisco Javier Trashorras Nogueira*	IES Urbano Lugrís	A Coruña
44	*Ana María Agulla Escaneo*	CEIP Plurilingüe Os Tilos	Teo
45	*María Mercedes Martínez Gómez*	IES de Catabois	Ferrol
46	*María Teresa Corral Vázquez*	CEIP Pluri. Wenceslao Fernández Flórez	Cambre
47	*María Luisa Aller Carou*	CEIP Plurilingüe de Portosín	O Porto do Son
48	*Antonio Cepeda Fandiño*	IES de Cacheiras	Teo
49	*Laura Cabarcos Edreira*	CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia	Narón
50	*Jessica Miranda Saburido*	CEIP Rosalía de Castro	A Coruña
51	*Rebeca Rúa Sueiro*	CPI Plurilingüe O Cruce	Cerceda
52	*Manuel Sanmartín Malvárez*	CEIP Plurilingüe O Coto	Negreira
53	*Sandra López García*	CRA de Valdoviño	Valdoviño
54	*Ana María Casal Segade*	IES Monelos	A Coruña
55	*Raquel Moreno Lamas*	CIFP Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela
56	*Antonio Pardo Basto*	CEIP Isaac Díaz Pardo	Culleredo
57	*Sandra Ocampo Lagoa*	CEIP Plurilingüe Ángela Ruiz Robles	Ferrol
58	*Gloria Mosquera Roel*	CEIP Emilio González López	Cambre
59	*Ramón Canosa Castiñeira*	CEIP Plurilingüe de Cespón	Boiro
60	*María del Pilar Castro Baamonde*	IES Xulián Magariños	Negreira
61	*José Luis Prada López*	CEIP Juana de Vega	Oleiros
62	*Ana Cristina Pérez Campos*	CRA de Valdoviño	Valdoviño
63	*Carlos José Blanco Díaz*	CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal	Oleiros
64	*Eva María Lorenzo Castro*	CEIP A Maía	Ames
65	*María Asunción García Álvarez*	CEIP de Roxos	Santiago de Compostela
66	*Lucas Rey Seoane*	IES Saturnino Montojo	Ferrol
67	*Fátima Brandariz Barral*	CRA de Dodro-Padrón	Dodro
68	*Sonia Rodríguez Lillaz*	CPI Castro Baxoi	Miño
69	*Rafael Martínez Pozas*	CEIP Pluri. Wenceslao Fernández Flórez	Cambre

Nº	NOME	CENTRO	CONCELLO
70	*Cecilia Dopico Souto*	CPI A Xunqueira	Fene
71	*Eva Berdullas Tomé*	IES Campo de San Alberto	Noia
72	*José Luis López García*	IES Camilo José Cela	Padrón
73	*Sandra Maneiro Ventoso*	EEI Gonzar	O Pino
74	*Sonia Cabarcos Vidal*	CEIP Cruceiro de Canido	Ferrol
75	*José Manuel Villar Rubio*	CPI de Ponte Carreira	Frades
76	*Patricia Varela Santoandré*	IES Manuel Murguía	Arteixo
77	*Corina Álvarez Lorenzo*	CIFP Compostela	Santiago de Compostela
78	*Eloy Cabarcos Barro*	CPI Plurilingüe Virxe da Cela	Monfero
79	*Noemi Quiza Luaces*	CEIP Plurilingüe O Coto	Negreira
80	*Seila Lado Caamaño*	CEIP Plurilingüe de Outes	Outes
81	*Roberto Prado Espiñeira*	IES Rego de Trabe	Culleredo
82	*María Dolores Carpente Carpente*	CEIP A Gándara	Narón
83	*Isabel Martínez Fernández*	CEP Plurilingüe de Ventín	Ames
84	*Silverio Blanco Hermo*	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Rianxo
85	*Fátima Novo Tuñas*	CEIP Pl. Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes
86	*María Cristina Fernández Blanco*	IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas	Oleiros
87	*Borja Dopico Mera*	CEIP Pl. Almirante Juan de Lángara y Huarte	Ferrol
88	*Ana María Castiñeiras Vilariño*	CEIP Raíña Fabiola	Santiago de Compostela
89	*Esther Blanco García*	CRA de Dodro-Padrón	Dodro
90	*Manuel Tejo Souto*	IES Agra de Raíces	Cee
91	*María Pilar Casal Ferré*	IES Ricardo Carvalho Calero	Ferrol
92	*Abel Rivas Gómez*	EOI da Coruña	A Coruña
93	*José Zas Maroño*	CEIP Arquitecto Casas Novoa	Santiago de Compostela
94	*María Pilar López García*	IES Maximino Romero de Lema	Zas
95	*María Ángeles Calvo Losada*	IES Canido	Ferrol
96	*José Manuel Vilas Silva*	CEIP Plurilingüe Praia Xardín	Boiro
97	*Cristina Calo Fernández*	CIFP Someso	A Coruña
98	*Aida Bascoy Amigo*	CEIP Plurilingüe Os Tilos	Teo
99	*Lucía Formoso Míguez*	IES Ricardo Carvalho Calero	Ferrol
100	*Daniel García Aguión*	CPI Plurilingüe de Fonte-Díaz	Touro
101	*María Jesús Eiras Lamas*	CPI Armando Cotarelo Valledor	Boimorto
102	*Inés Ares Morandeira*	CEIP Pluri. Wenceslao Fernández Flórez	A Coruña
103	*Mónica Ana Neira Matalobos*	CEIP Martagona	Melide
104	*María Ermitas Martínez Álvarez*	IES de Porto do Son	O Porto do Son
105	*Manuel Martínez Villar*	CMUS Profesional de Santiago	Santiago de Compostela
106	*María Sol Mosquera Botana*	CPI de Viaño Pequeno	Trazo
107	*Leticia Taboada Dopazo*	CEIP Plurilingüe Bragade	Oza-Cesuras
108	*Bárbara Paredes Rey*	CEIP de Arteixo	Arteixo
109	*Natalia García Gesto*	IES Terra de Xallas	Santa Comba
110	*Luis Miguel Feito Mirás*	CEP Plurilingüe de Ventín	Ames
111	*Alejandra Bóveda Chenlo*	CRA de Dodro-Padrón	Dodro
112	*María José Montero Torreiro*	CPI Plurilingüe de Xanceda	Mesía
113	*María Dolores Dopico Iglesias*	CEIP Plurilingüe de Tarrío	Culleredo

Nº	NOME	CENTRO	CONCELLO
114	*Beatriz Méndez Amado*	IES Francisco Aguiar	Betanzos
115	*Manuel Luis Barreiro Carballal*	IES Plurilingüe Rosalía de Castro	Santiago de Compostela
116	*Raquel García Barreiro*	CEIP Plurilingüe de Carnota	Carnota
117	*Noelia Moledo Queiruga*	CPI Plurilingüe Cernadas de Castro	Lousame
118	*Andrea Pasín González*	CEIP Bergantiños	Carballo
119	*Eva María Facal Centeno*	IES A Sardiñeira	A Coruña
120	*Manuel García Vega*	IES Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela
121	*Lorena María Barbazán Pais*	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Rianxo
122	*Ana Cristina Barbeito Fraga*	CPI Plurilingüe O Cruce	Cerceda
123	*María Elena Troitiño Rozados*	CEIP Plurilingüe Xuño	O Porto do Son
124	*Alba Lorenzo Buyo*	IES Plurilingüe Elviña	A Coruña
125	*José Luis Martín Iglesias*	IES Arcebispo Xelmírez II	Santiago de Compostela
126	*María José Fares Varela*	IES Eduardo Pondal	Ponteceso
127	*Natividad Villar Otero*	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	Ferrol
128	*Ángela Pérez Fernández*	CEIP Pluri. Ramón de Artaza y Malvárez	Muros
129	*Mónica Acuña Vázquez*	IES Ramón Menéndez Pidal	A Coruña
130	*José Luis Romero Maneiro*	IES da Pobra do Caramiñal	A Pobra do Caramiñal
131	*María del Carmen Pilar Fernández Carballo*	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón
132	*Yalila Alexandra Soleto Blanco*	CEIP Pluri. Alexandre Rodríguez Cadarso	Noia
133	*Marina Casal Taboada*	CIFP Universidade Laboral	Culleredo
134	*Tomás de la Fuente Maganto*	IES As Mariñas	Betanzos
135	*María Mercedes Armada Rodríguez*	D. X. de Formación Profesional	Santiago de Compostela
136	*Yolanda González Rodríguez*	CPI de Viaño Pequeno	Trazo
137	*Marta Gómez Torrado*	CEIP Flavia	Padrón
138	*Estela María Mira Mata*	CEE Nosa Señora do Rosario	A Coruña
139	*Alba Pena Saavedra*	CRA de Narón	Narón
140	*Soledad Fidalgo Suárez*	CEIP Plurilingüe A Igrexa-Calo	Teo
141	*Yohana Villarabide Carril*	CEIP de Présaras	Vilasantar
142	*Rosa Ana Sampedro García*	IES Leliadoura	Ribeira
143	*Minia Bermúdez de la Puente García*	IES Plurilingüe Eusebio da Guarda	A Coruña
144	*Sergio Paredes Pérez*	CPI Camiño de Santiago	O Pino
145	*Guadalupe del Pino Villamarín Taboada*	CIFP Compostela	Santiago de Compostela
146	*Bárbara Liseth García Guzmán*	CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos
147	*Ana Alberte Lista*	IES de Oroso	Oroso
148	*Inmaculada Concepción Romero García*	CEIP Plurilingüe Praia Xardín	Boiro
149	*Sonia Téllez Martínez*	CEIP Pluri. Wenceslao Fernández Flórez	A Coruña
150	*José Antonio Tizón Rodríguez*	IES Plurilingüe de Ames	Ames
151	*Margarita Mosquera Conde*	CEIP Martagona	Melide
152	*Mónica Casado Rodríguez*	IES Monte Neme	Carballo
153	*María del Carmen Gómez Ríos*	CEIP Pl. Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes
154	*María Soledad Vila Rico*	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	A Coruña
155	*Francisco José Alonso Paz*	CEIP Plurilingüe de Abanqueiro	Boiro
156	*María Vicenta Sieira Rivas*	CPI de Bembibre	Val do Dubra
157	*María Elisa Álvarez García*	IES Campo de San Alberto	Noia

Nº	NOME	CENTRO	CONCELLO
158	*Rosa María Gato Lueiro*	CEIP A Maía	Ames
159	*Alicia Chaves Piñeiro*	CIFP Someso	A Coruña
160	*Antonio Ventura Lozano*	CEIP Plurilingüe de Abanqueiro	Boiro
161	*Cristina Barros Martínez*	EEI do Milladoiro	Ames
162	*Sandrine Sánchez Castro*	IES Virxe do Mar	Noia
163	*Yamile Lavin Cuba*	CEIP de Teixeiro	Curtis
164	*María José Suárez Baúlde*	IES Manuel Murguía	Arteixo
165	*Francisco Javier Álvarez Mata*	CEIP Raíña Fabiola	Santiago de Compostela
166	*Raquel Figueira Noya*	CEIP Ana María Diéguez	Rianxo
167	*María del Pilar Martínez Rodríguez*	IES Campo de San Alberto	Noia
168	*Marisol Gándara Sánchez*	CEIP Campomaior	Ordes
169	*Silvia Méndez Alonso*	IES Afonso X O Sabio	Cambre
170	*David Suárez Zapico*	CEIP Raíña Fabiola	Santiago de Compostela
171	*María Lorena Castelo Rabuñal*	IES Urbano Lugrís	A Coruña
172	*María Cristina González Piñeiro*	EOI de Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
173	*Josefa Irene Romero Blanco*	CEIP Plurilingüe de Campanario	O Porto do Son
174	*Ana Belén Álvarez López*	IES A Sardiñeira	A Coruña
175	*Martín Girondo Meijome*	IES Lamas de Abade	Santiago de Compostela
176	*Cristina Rial Rodríguez*	CEIP Santa Baia	Boiro
177	*María Begoña Fernández González*	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón
178	*Marta Aldao Placer*	CEIP Portofaro	Cambre
179	*Juan Ramón Peña Barreiro*	IES Virxe do Mar	Noia
180	*Manuel Otero Rodríguez*	IES Cabo Ortegal	Cariño
181	*María Belén Pita Basoa*	CEIP Plurilingüe A Magdalena	As Pontes de G.R.
182	*María do Carme Bello Bello*	CPI de San Vicente	A Baña
183	*Miriam Pardo Moure*	CEIP de Arteixo	Arteixo
184	*María del Mar Rodríguez Menéndez*	IES da Pobra do Caramiñal	A Pobra do Caramiñal
185	*Ángel Manuel Maciñeiras Núñez*	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón
186	*Lucía Pardo Moure*	CRA de Valdoviño	Valdoviño
187	*María Esther Pérez Rodríguez*	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	A Coruña
188	*Lidia Lago Martínez*	CEIP Manuel Fraga Iribarne	Cariño
189	*Noemi Lodeiro Pereira*	CEIP Plurilingüe A Laxe	Ferrol
190	*José Alfonso Muñiz Plaza*	CEIP Pluri. Wenceslao Fernández Flórez	A Coruña
191	*Marta de Dios Recamán*	CRA de Boqueixón-Vedra Neira Vilas	Boqueixón
192	*María Margarita Garrido Mille*	IES Alfredo Brañas	Carballo
193	*Alba Castelo Cuesta*	CEIP de Oza dos Ríos	Oza-Cesuras
194	*Susana María Aneiros Díaz*	CEIP Pl. Almirante Juan de Lángara y Huarte	Ferrol
195	*Ana Belén Touriño Pintos*	ONCE - Centro Base A Coruña	A Coruña
196	*Manuela Ures Andrade*	IES Eduardo Pondal	Ponteceso
197	*Alfredo Emilio Fernández Martínez*	Cen. Pub. Esc. Esp. Antonio de Escaño	Ferrol
198	*María Salomé Mariño Vidal*	CEIP Felipe de Castro	Noia
199	*Laura Rodríguez Manso*	IES Francisco Aguiar	Betanzos
200	*Carlos Díaz Sobrín*	CEIP Plurilingüe Ángela Ruiz Robles	Ferrol
201	*Jessica Fandiño Blanco*	CEIP Ramón de la Sagra	A Coruña

Nº	NOME	CENTRO	CONCELLO
202	*María Eugenia Isabel Temprano Afonso*	IES A Pontepedriña	Santiago de Compostela
203	*Noelia Resúa Fungueiriño*	CEIP Plurilingüe de Cespón	Boiro
204	*Mercedes Calvelo Teijido*	CIFP Ferrolterra	Ferrol
205	*Olga Rodríguez Rodríguez*	CEIP Plurilingüe Vila de Rutis	Culleredo
206	*José Andrés Rodríguez Bergara*	IES Sofía Casanova	Ferrol
207	*Beatriz Soledad Reimúndez Rodríguez*	CEIP de Arteixo	Arteixo
208	*Raquel García Cacicedo*	CPI de San Sadurniño	San Sadurniño
209	*Sandra Pardo Souto*	CEIP Portofaro	Cambre
210	*María del Carmen Leira Moreno*	CEIP Plurilingüe de Centieiras	Fene
211	*María de los Ángeles Pacios Martínez*	CIFP Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela
212	*María Natividad García Cela*	EPAPU Sta. María de Caranza	Ferrol
213	*Inés Veiga Fernández*	CPI de San Sadurniño	San Sadurniño
214	*Alfonso José Vázquez Parcero*	IES Agra do Orzán	A Coruña
215	*Judith Gil Santos*	CEIP Cruceiro de Canido	Ferrol
216	*Blanca Represas Alonso*	CEIP Rosalía de Castro	Padrón
217	*María del Pilar Alvariño Alvariño*	IES Saturnino Montojo	Ferrol
218	*Fernando Fraga Traba*	CMUS Profesional da Coruña	A Coruña
219	*Berta Grueiro Pérez*	CEIP Plurilingüe Ponte de Xubia	Narón
220	*Pedro José González Suárez*	CEIP Plurilingüe Concepción Arenal	A Coruña
221	*Ana Belén Sabín Criado*	IES Saturnino Montojo	Ferrol
222	*María del Carmen Ares Álvarez*	CEIP Plurilingüe O Coto	Negreira
223	*Ana Graña Piñeiro*	CEIP A Gándara	Narón
224	*María Belén Vigo Tajes*	CEIP Portofaro	Cambre
